

UNITAT DIDÀCTICA 1

1r Trimestre

Nivell inicial

Como te chamas?



Programació didàctica

Curs Inicial: Optativa Llengua i literatura gallegues

El Curs Inicial de Llengua i literatura gallegues està dissenyat per implementar-se com a optativa d'ESO amb una càrrega setmanal de 2 hores lectives durant un curs acadèmic, i s'emmarca dins del Nivell A1 del [Marc europeu comú de referència per a les llengües](#):

El Nivell A1 (Inicial) es considera el nivell més baix de l'ús generatiu de la llengua: el punt en què l'aprenent ja pot interactuar d'una manera simple –preguntar i respondre preguntes sobre ell mateix, sobre el lloc on viu, sobre la gent que coneix i les coses que té; iniciar declaracions simples i reaccionar-hi en les àrees relatives a les necessitats immediates o a temes molt familiars– i no ha de confiar exclusivament en un repertori lèxic limitat i memoritzat de frases determinades per a situacions específiques.

Objectius didàctics del curs inicial de Llengua i literatura gallegues:

- Comprensió oral
 - Reconeix **paraules familiars** i expressions molt bàsiques sobre **temes propis de la família i l'entorn concret** i immediat, si la gent parla a poc a poc i amb claredat.
- Comprensió lectora
 - Compren **noms familiars**, paraules i frases molt senzilles; per exemple, les que apareixen en **anuncis, cartells i catàlegs**.
- Interacció oral
 - Es comunica de manera senzilla a condició **que l'interlocutor estigui disposat a repetir** el que ha dit o a dir-ho amb altres paraules i més a poc a poc i **que l'ajudi a formular el que intenta dir. Planteja i respon preguntes senzilles** sobre temes familiars o sobre temes relacionats amb necessitats immediates.
- Expressió oral
 - Utilitza expressions i frases senzilles per **descriure el lloc on viu i la gent que coneix**
- Expressió escrita
 - **Escriu postals** curtes i senzilles; per exemple, per **enviar felicitacions**. **Emplena formularis amb dades personals**; per exemple, el nom, la nacionalitat i l'adreça en una fitxa de registre d'hotel.

Unidade 1: Como te chamas?

Curs	Trimestre	Número UD	Professor/a	Durada
1r	1r	1		12 hores
Activitats		Continguts		Criteris d'avaluació
Expressió oral		Como te chamas? Onde vives? Como é o teu barrio/vila/cidade?		Saluda de maneira senzilla. / Diu i demana el día, l'hora i la data
Interacción oral		Cantas linguas falas? Por que queres aprender galego? (as linguas que falamos...)		Utiliza verbs com tinc i els números cardinals
Comprensión lectora		Interpretación dos cartaces de música dos festivais do verán (datas, prezos, etc.)		Comprèn paraules i frases senzilles
Comprensión oral		Presentación do profesor ou profesora e da unidade didáctica. O alumnado debe, despois da presentación oral, cubrir un cuestionario (entorno concreto e inmediato: a aula)		Reconex paraules familiares i expressions molt bàsiques
Expressió escrita		Envío dun correo electrónico a un compañeiro saudándoo e presentándose (Ex: "Ola! Son o teu compañeiro X da clase de galego") .		Escriu dades personals i frases senzilles

Unidade 1: Como te chamas?

-Chegou o momento de presentarme. Chámome Odile Jacob -di estendendo a man-. Xa notarás pola fonética que son francesa.

- Eu son Diana López -di estreitando a man que lle dera-. Española; máis que nada, galega.

María Xosé Queizán: *Meu pai vaite matar* (2011)

Expresión oral

Nesta primeira unidade ides aprender a presentarvos.

Presente de indicativo CHAMAR+SE (pronome átono) • Eu chámome • Ti chámaste • El/ela/vostede chámase • Nós chamámonos • Vos chamádesvos • Eles/elas/vostedes chámanse	Eu chámome Uxía e ti chámaste... Ela chamase Xulia e el chámase André Nós chamámonos igual ca os nosos pais Vós chamádesvos Estevo e Antón. Vostedes como se chaman?
Presente de indicativo VIVIR • Eu vivo • Ti vives • El/ela/vostede vive • Nós vivimos • Vós vivides • Eles/elas/vostedes viven	Eu vivo en Barcelona Ti vives en Hospitalet El vive nunha illa e ela vive noutra Nós vivimos na casa do lado Vós vivides nunha comuna Vostedes viven no campo
Onde vives? Nunha cidade, nunha vila, unha aldea, unha urbanización, nun barrio...	

Imos coñecer a conjugación dalgún verbo máis:

Presente de indicativo ESTUDAR (verbo regular) • Eu estudo • Ti estudas • El/a estudá • Nós estudamos • Vós estudades • Eles/as estudan	Presente de indicativo SER (verbo irregular) • Eu son • Ti es • El/ela/vostede é • Nós somos • Vós sodes • Eles/elas/vostedes son
---	---

Actividade 1

Propoñémosvos que, seguindo o exemplo e en voz alta, vos presentedes ao resto da clase en galego.

1. Exemplo

“Ola! Eu chámome Joan e vivo en Barcelona, no barrio de Sants.”

Para ampliar a información sobre a túa poboación, podes buscar unha breve información na Galipedia: <https://gl.wikipedia.org/>.

Interacción oral

☞ Nesta primeira unidade ides aprender a facer algunhas preguntas básicas e tamén a respondelas.

	Os números cardinais	
Eu teño dezaseis anos Eu falo dúas linguas Eu aprendo galego porque...	0 cero 1 un/unha 2 dous/dúas 3 tres 4 catro 5 cinco 6 seis 7 sete 8 oito 9 nove 10 dez	11 once 12 doce 13 trece 14 catorce 15 quince 16 dezaseis 17 dezasete 18 dezoito 19 dezanove 20 vinte

Fixádevos!

Nas preguntas os pronomes átonos van diante do verbo, e nas oracións afirmativas os pronomes átonos van detrás do verbo.

Exemplos:

Como te chamas? Chámome Uxía.

Cantos anos tes? Teño quince anos.

Onde te aloxas? Alóxome nun hotel.

Cando te deitas? Déitome as 11 da noite.


Actividade 2

En parellas, intentade escribir (para despois lédela en voz alta) unha pequena conversación onde vos preguntades:

- Como te chamas?
- Onde vives?
- Cantos anos tes?
- Cantas linguas falas?
- Por que queres aprender galego?

👉 Mirade o seguinte vídeo para facerdes a entoación correcta e xenuína do galego:

<https://www.youtube.com/watch?v=evJygB0FJt8>



Comprensión lectora

En Galicia celébranse unha chea de festivais de música, de poesía e de danza que alegran o ambiente diario e que dan cor á cotiandade das súas xentes. A continuación, tedes o cartel publicitario dalgúns deles:

1. O son do Camiño



2. Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira



3. Son Rías Baixas



Actividade 3

Responde as preguntas seguintes tendo en conta os carteis.

1. Onde se celebran os tres festivais de música? Coñeces eses lugares?
2. Cando se celebran os festivais?
3. Que tipo de música credes que se toca en cada un dos festivais? Por que?
4. A que público pensades que se dirixen estes festivais? Xustificádeo.
5. Por que credes que os deseñadores escolleron estas imaxes en concreto para elaborar os carteis? Gardan relación co lugar onde se celebran, coa temática do festival ou coa época?

Comprensión oral

Para facerdes esta actividade de comprensión oral tedes que escoitar con moita atención a presentación persoal que vos vai facer o voso profesor ou profesora de galego. A continuación, teredes que cubrir o seguinte cuestionario reparando nas estruturas tanto das preguntas coma das respostas.

Actividade 4

Neste cuestionario tedes que responder ás preguntas coas informacións orais que vos deu o voso profesor ou profesora na súa presentación persoal, na que tamén vos deu algunha indicación sobre o curso de galego.

MOI IMPORTANTE: Non teñades vergoña! Se vos custou entender algunha cousa, preguntádelle sen medo se volo pode repetir. Levantade a man, interrompídeo e dicídlle: "Desculpa, poderías repetir o que acabas de dicir?".

1. Como se chama o teu profesor ou profesora de galego?
2. Cantos anos ten?
3. Onde naceu?
4. Onde vive?
5. Cantas linguas fala o teu profesor ou profesora de galego? Lembras cales son?
6. Cantas unidades didácticas vai ter este curso de galego?
7. Que nivel de galego acadaredes ao acabar este curso?
8. Cales son as tres destrezas nas que se organiza este curso?
9. Que saúdo dixo o profesor ou profesora ao comezar a presentación?
10. Que fórmula de cortesía empregou ao final da presentación para pechar a súa intervención?

Expresión escrita

☞ Ao longo desta primeira unidade escoitastes unha presentación persoal (a do profesor ou profesora) e aprendestes tamén a presentarvos a outra persoa. Nesta actividade teredes a oportunidade de facerdes o mesmo por escrito.

Observade que este verbo é da primeira conjugación (*chamar*) e que, coma a maioría dos verbos da primeira conjugación, é regular. Se eliminades os pronomes enclíticos (*me, te, se, nos, vos, se*) teredes un verbo modelo da primeira conjugación que vos pode servir para usar outros verbos útiles para unha presentación (*estudar > estudo, falar > falo*). E, se non eliminades os pronomes, pódevos servir para conjuguar o propio verbo *presentar* (*eu preséntome*).

Actividade 5

Pídelle o correo electrónico a un compañeiro ou a unha compañeira (podes usar a seguinte pregunta: "Dásme o teu correo electrónico?") e redacta un correo electrónico no que te presentes. Releo, revísao e, cando esteas convencido, mándallo e... agarda a súa resposta!

Propoñémosche que respectes os puntos seguintes:

1. Pon no asunto *Presentación persoal*
2. Usa algunha forma de saúdo (*Ola! Bo día! Boa tarde! Prezado compañeiro...*) máis ou menos formal.
3. Usa varios verbos (*chamarse, falar, vivir, escribir, ser...*). Non os sabes conjuguar? Non te preocupes: arríscate! Ou, se non te queres arriscar, conxúgaos coa axuda do *Dicionario da Real Academia Galega* (<https://academia.gal/diccionario/>).
4. Recolle vocabulario do que xa fuches aprendendo nesta unidade, tanto nas actividades coma nas clases.
5. Usa algunha fórmula de cortesía ou de despedida ao final (*Adeus, Ata a próxima, Unha aperta, Saúde, Agardo pola túa resposta...*)
6. Sé creativo! Cóntalle o que che apeteza, introduce vocabulario, pregúntalle cousas da súa vida... Os correos electrónicos non teñen límite de palabras!

Lembra poñer en copia ao teu profesor/a.

Presentación persoal

compañeirodaclasedegalego@correo.gal

Presentación persoal

--

Maruxa Vázquez

Alumna de Lingua e Cultura Galegas

Annexo

Actividade 4: Indicacións para o profesorado

A presentación oral do curso que faga o profesor ou profesora de Lingua e Cultura Galegas ten que se corresponder co cuestionario que deben cubrir os alumnos. Non é preciso que todos os datos persoais sexan reais, mais cómpre ofrecer unha resposta para cada unha das preguntas. Era ben comezar o curso directamente coa actividade, coma un desafío para o alumnado, dando unha indicación semellante a:

“Bo día, imos comezar coa primeira actividade do curso. Eu voume presentar, pero antes vouvos repartir esta folla na que teredes que responder a todas as preguntas sobre o que eu vos diga. Estade tranquilos: repetirei a presentación dúas veces. A primeira é mellor que non escribades, mirádeme e tentade comprender o que vos digo. Á segunda si que podedes empezar a responder. Comezamos!”.

Obviamente, cómpre falar devagar, vocalizar moi ben e xesticular moito mentres se dan estas indicacións.

O texto oral de presentación podería seguir este modelo orientativo (con nome e datos ficticios*):

“**Bo día.** Eu chámome **Xián** e teño **corenta e catro** anos. Nacín en **Barcelona** pero vivo en **Viladecans**. Falo **catro** linguas: **catalán, castelán, galego e italiano**. Neste curso de galego traballaremos seis unidades didácticas. Ao acabardes, acadaredes o nivel A1, que é o que se coñece como *nivel do usuario básico inicial*. Este nivel organízase en tres destrezas básicas: comprender, falar e escribir. Espero que gocedes das clases e que aprendades moito nelas. **Moitas grazas pola vosa atención!**”

*O texto en negriña adaptarase aos datos persoais (reais ou ficticios) e ás circunstancias espazotemporais.